

## A PROMOCIÓN DA INCLUSIÓN NO DEPORTE: o enfoque na FEGADO

Dende hai anos, promoción da inclusión na modalidade deportiva da orientación é unha das METAS prioritarias dentro do Proxecto Deportivo da FEGADO: **fomentar a participación no deporte de orientación das persoas con algunha discapacidade.**

Non é un apartado que, no marco dun deporte minoritario non olímpico, veñamos desenrolando nas anteriores convocatorias do CONVENIO, pero en calquera caso **a FEGADO estaría disposta a ampliar a información en caso de ser requerida pola Secretaría Xeral para o Deporte.**

Son puntos fortes da FEGADO respecto da promoción da inclusión tanto a nivel competición ou evento como a nivel de funcionamento interno:

- Habilitar liñas de apoio económico á organización de probas da especialidade de ORIENTACIÓN DE PRECISIÓN (TRAIL-O) nas súas categorías OPEN e PARALÍMPICA, nun mínimo ideal dunha Liga Galega de dúas (2) probas.
  - o Esta medida estrutural será especialmente relevante no 2026 posto que estamos a traballar na idea de traer a Galicia o **Campionato de España de TRAIL-O nas categorías OPEN e PARALÍMPICA**. A proximidade xeográfica resultará nunha gran participación de persoas galegas nunha especialidade que non existe a distinción nin por idade nin por xénero.
- Habilitamos liñas de apoio á elaboración de instalacións deportivas (mapas) de TRAIL-O. Abertas á solicitude por parte das organizacións.
- Difundiremos, a través da persoa colaboradora coa FEGADO en materia de Circuitos Permanentes de Orientación (CPO), o fomento da práctica no colectivo de persoas con diversidade funcional, á vez que favorecer a súa inclusión social.
  - o Estamos a desenrolar material didáctico sobre a ORIENTACIÓN INCLUSIVA + DECÁLOGO ACCESIBLE.
- **[moi importante]** No 2024 fíxose público o **MANUAL DE HOMOLOGACIÓN de CIRCUITOS PERMANENTES DE ORIENTACIÓN DEPORTIVA da FEGADO V1.0** (Xaneiro 2024) [[ver NOTICIA na web da FEGADO](#)]. É un documento que será unha referencia a nivel estatal para o desenrolo dos circuitos permanentes de orientación deportiva tamén no marco inclusivo de acercar a modalidade do deporte da orientación ás persoas.